



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, o 11 de xaneiro de 1999

REUNIDOS

Dunha parte o rector don Darío Villanueva Prieto, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Da outra don Julio Álvarez Núñez, en calidade de presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos

MANIFESTAN

Que a Universidade de Santiago de Compostela, dedicada a actividades de docencia e investigación, ten a vontade de facilitar ós alumnos da Universidade unha formación práctica que lles permita ter unha alternancia coa formación teórica, e á súa vez, lograr a súa mellor cualificación e futura adaptación á realidade social.

Que a Federación Galega de Municipios e Provincias aquí representada, ten interese en participar e colaborar na formación práctica da Universidade.

En consecuencia, a proposta do Consello Social, acordan formalizar o presente convenio de colaboración segundo as seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias se compromete a colaborar coa Universidade a través do seu Consello Social, facilitando ós alumnos realizaren prácticas que lles permitan completar a formación recibida nas aulas, de acordo coas seguintes normas:

- a) Poderán participar nestas prácticas os alumnos que no momento da solicitude teñan superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario das ensinanzas que estean cursando e que no momento da asignación non obtivesen a dita titulación. No caso de tratarse de planos de estudio non renovados, os estudantes deberán atoparse nos dous últimos anos de carreira (primeiro ciclo aprobado).
- b) O Consello Social levará a cabo o rexistro dos alumnos que opten á realización das prácticas, trala formalización da inscrición nas súas dependencias.
- c) A Federación Galega de Municipios e Provincias definirá as áreas ou departamentos onde os estudantes poderán facer as prácticas, designará un titor en cada unha delas e supervisaraas.
- d) O tempo de realización das prácticas será como máximo de 500 horas por curso escolar.
- e) Nos planos de estudio renovados que contemplan créditos de libre configuración poderán ser imputados como tales as horas realizadas (30 horas/1 crédito), tras formalización.
- f) Ó finalizar, o alumno terá dereito a dúas certificacións: unha que acredite o contido e tempo das prácticas e outra para que proceda o recoñecemento de prácticas en empresas pola USC.
- g) Establecerase unha Comisión de Seguimento, formada por dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias e dous representantes designados polo Consello Social, encargada do control e seguimento das prácticas.



- h) A relación entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e o alumno non supoñerá vinculación laboral ningunha.
- i) Aqueles alumnos que teñan menos de vinteito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Segunda.- Os concellos que desexen participar farano trala oportuna comunicación á Federación Galega de Municipios e Provincias.

Terceira.- A duración do presente convenio será de dous anos, e prorrogarase automaticamente, salvo denuncia que deberá ser comunicada nun prazo mínimo de dous meses á data de finalización da súa vixencia.

Despois de lelo ámbalas dúas partes, e en proba de conformidade, asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

POLA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Darío Villanueva Prieto

POLA FEDERACIÓN GALEGA
DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Julio Álvarez Núñez